

## INFORME DE INTERVENCIÓN

**ASUNTO:** Informe á conta xeral correspondente ao exercicio económico 2024

**INFORMA:**

### 1.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL).
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais do sector público local.
- Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALG).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLFL), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL).
- Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de sociedades de capital.
- Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o plan xeral de contabilidade.
- Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas.

### 2.- INTRODUCCIÓN:

**Concepto de Conta Xeral:** Entre outras definicións, pode entenderse a Conta xeral como aquel conxunto de estados contables ou documentos informativos de carácter básico obtidos a través da contabilidade para reflectir a a imaxen fel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento.

**Fundamentación:** Pode entenderse que a rendición de contas constitúe a principal garantía de transparencia na xestión económica dos entes públicos ós que afecta. Consecuencia diso é o réxime de contabilidade pública, ó que están sometidas as entidades integrantes do sector público, ó que están sometidas as entidades integrantes do sector público, que as obriga a formar cada ano ao remate do exercicio orzamentario os estados contables para a censura pública.

Ademáis, cumpre unha serie de esixencias de carácter democrático pois informa da xestión económica dos representantes políticos, fai posible o control do gasto público ademáis de ser un cauce de participación dos cidadáns nos asuntos públicos.

O artigo 200.1 do TRLRFL establece que as entidades locais e os seus organismos autónomos están sometidos ao réxime de contabilidade pública nos termos establecidos na dita lei. O artigo 119. 3 da Lei xeral orzamentaria determina que o sometemento ao réxime de contabilidade pública implica a obriga de render contas das súas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ao “*Tribunal de Cuentas*”.

O réxime de contabilidade pública ao que están sometidas as entidades locais ten como fin último a obriga de render contas das súas operacións, e o mecanismo previsto polo TRLRFL para cumprir esta obriga é a conta xeral. Pero a conta xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as entidades locais para cumprir a obrigación formal de render contas, senón que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario. Tamén permite controlar o uso e destino que se deu aos fondos públicos. En definitiva é un mecanismo de control.

De acordo cos artigos 208 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, o Concello de Cambre formou e elaborou os Estados e Contas Anuais regulados na normativa citada, os cales porán de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financiero, patrimonial e orzamentario.

Asimesmo a Conta Xeral da entidade Local, de conformidade coa Regra 47.1.- da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, será formada pola Intervención ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade. A tales efectos, os suxeitos anteriores poderán recabar a presentación das contas que haxan que rendirse ao órgano ou órganos de control externo.

Segundo o artigo 209 do TRLFL e a Regra 44.2 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, a conta xeral estará integrada por: a conta da propia entidade local, a conta dos organismos autónomos, a das sociedades mercantís de capital integramente propiedade das entidades locais e as das entidades públicas empresariais. No caso do Concello de Cambre ao non existir nin organismos autónomos nin sociedades mercantís de capital integramente municipal, nin entidades públicas empresariais a Conta Xeral estará integrada unicamente pola Conta do Concello de Cambre.

De acordo coa Regra 45.1 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, as contas anuais do Concello de Cambre estarán conformadas polos seguintes estados:

- O balance.
- A conta de resultado económico-patrimonial.
- O estado de cambios no patrimonio neto
- O estado de fluxos de efectivo
- O estado de liquidación do orzamento.
- A memoria.

Tales contas según o apartado segundo da Regra antes citada deberán estar elaboradas seguindo as normas e axustándose aos modelos que se establecen na Orde antes citada.

Ademáis de conformidade co apartado 3 da mencionada Regra 45 aos estado anteriores, deberá unirse a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en caixa a final do exercicio.

- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesma a favor da entidade local referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

### 3.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.- Análise de cada un dos estados que conforman a Conta Xeral do Concello de Cambre:**

#### A) BALANCE

O balance comprende coa debida separación o activo, o pasivo e o patrimonio neto da entidade.

O balance de situación a 31.12.24 ascende tanto no activo como no pasivo a 66.548.038,10 euros. A este respecto cabe precisar o seguinte:

1.- Se observan duas columnas tanto no activo como no pasivo do balance de situación a 31.12 correspondentes aos exercicios 2024 e 2023. A contabilidade de ambos exercicios foi efectuada de conformidade coa Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de contabilidade local (ICAL)

2.- No **activo** do balance so observa o seguinte:

2.a.- Activo non corrente: refírese a aqueles activos que non se esperan realizar no curto prazo, é dicir, dentro do período de doce meses contados a partir da data das contas anuais.

2.a.1.- Inmovilizado material: se trata de elementos patrimoniais tangibles, mobles ou inmobles, que se empregan de maneira continuada polo Concello de Cambre na produción de bens e servizos públicos ou para os propios propósitos administrativos e que non están destinados á venda. Inclúen o saldo debedor das contas 210 (Terrenos e bens naturais); 211 (Construcións); 212 (Infraestructuras); 214, 215, 216, 217, 218, 219 (Outro inmovilizado material); 2300, 2310, 232, 233, 234, 235, 237, 238, 2390 (Inmovilizado material en curso e anticipos). O saldo ascende a 35.157.381.61 € e o desglose correspondente se pode observar no apartado 5 da Memoria. Considerando que a conta xeral debe reflectir a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira, procede pór de manifesto que o inmovilizado material que figura no balance, por importe de 35.157.381.61 euros, e que nunha primeira análise parece desproporcionado en relación co pasivo, unicamente corresponde ao que se adquiriu dende 1992, ano no que se implantou o novo sistema contable introducido pola Instrucción de Contabilidade para a Administración Local aprobada pola Orde do Ministro de Economía e Facenda de 17 de xullo de 1990, xa que non existía un inventario de bens que permitise coñecer os saldos imputables ao inmovilizado, situación que debería regularizarse.

2.a.2.- Inversións financeiras a longo prazo: se trata de inversións financeiras, calesquera que sexa a súa forma de instrumentación, cuxo vencimento ou data esperada de enajenación sexa superior a un ano, non relacionadas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas, incluídos os intereses devengados con vencimento superior a un ano (4.200,00 €):

Cuenta	Descripción	Saldo	Asiento	Partida	Fecha	Debe	Haber	CTO
--------	-------------	-------	---------	---------	-------	------	-------	-----

2600	Inversiones financieras a largo plazo en instrumentos de patrimonio.	4.200,00	1	43	01/01/2024	4.200,00	0	ASIENTO DE APERTURA DE LA CONTABILIDAD 2024
2600	Inversiones financieras a largo plazo en instrumentos de patrimonio.	0	13821	61	31/12/2024	0	4.200,00	Cierre de la Contabilidad

Revisada a contabilidade de exercicios anteriores constátase que é un saldo que se leva "arrastrando" dende, como mínimo, o 01.01.2015 data de cambio do programa contable Ágora ao programa contable Sicalwin. Correspóndese coas accións da sociedade EDAR BENS, S.A.

O Pleno do Concello de Cambre en sesión de 30.12.2015 adoptou, entre outros acordos, ratificar a resolución da Alcaldía núm. 2308/2015, do 23 de decembro pola que se nomeou a concelleiro don Juan González Leirós representante do Concello de Cambre no Consello de Administración da sociedade EDAR BENS S.A.

2.b.- Activo corrente: se refire a aqueles activos que se esperan realizar no curto prazo, é dicir, dentro do período de doce meses contados a partir da data das contas anuais e cando se trate de efectivo u otro medio líquido equivalente.

➤ 2.b.1.- Debedores por operacións de xestión: inclúe tódolos deudores de carácter orzamentario excepto os de natureza financeira do capítulo 5 "ingresos patrimoniais", os do capítulo 6 de enaxenación de investimentos reais e os dos capítulos 8 e 9 de activos e pasivos financeiros, respectivamente. Tamén se inclúen os debedores de carácter non orzamentario que ó seu vecimento se convertan en debedores orzamentarios incluídos nesta partida. En todo caso, os debedores orzamentarios e non orzamentarios derivados de activos construídos ou adquiridos para outras entidades se inclúen nesta partida.

2.b.2.- Outras contas a cobrar: inclúe os debedores orzamentarios derivados do capítulo 9 "pasivos financeiros", ademais dos debedores de carácter non orzamentario que, dacordo coa ICAL, non deban figurar noutras partidas do balance. A maior parte do saldo correspóndese coa conta 5550 Pagos pendentes de aplicación:

Cuenta	Descripción	Saldo	Asiento	Partida	Fecha	Debe	Haber
5550	Pagos pendientes de aplicación.	968.141,65	1	19	01/01/2024	968.141,65	0
5550	Pagos pendientes de aplicación.	0	13821	66	31/12/2024	0	968.141,65

Revisada a contabilidade de exercicios anteriores constátase que o elevado saldo lévase "arrastrando" dende, como mínimo, o 01.01.2015 data de cambio do programa contable Ágora ao programa contable Sicalwin.

2.b.3.- Administracións Públicas recolle o saldo debedor da conta 4720 "Facenda Pública. IVA soportado" por importe de 182.573,66 €.

2.b.4.- Tesourería: recolle os fondos líquidos en tesourería a 31.12.24 os cales formará parte do remanente líquido de tesourería. O saldo ascende a 29.108.455,80 € que é superior en 6.578.275,46 € ao saldo a 31.12.2023 que era de 22.530.180,34 €.

3.- No **pasivo** do balance se observa o seguinte:

3.a.- Patrimonio neto:

3.a.1 – Patrimonio: a conta 100 representa a diferenza de saldo entre o activo e o pasivo exixible do Concello de Cambre, unha vez deducidos, no seu caso, os resultados, os axustes por cambios de valor e outros incrementos patrimoniais pendentes de imputación a resultados. Amosa un saldo acreedor de 42.062.435,93 €

3.a.2- Patrimonio xerado: se trata dun saldo (14.482.664,02 €) conformado pola suma dos saldo debedores das contas 120 “resultados de exercicios anteriores” (5.586.913,94 €) e 129 “resultado do exercicio” (8.895.750,08 €).

3.b.- Pasivo non corrente: o saldo a 31.12.2024 ascende a 1.714.415,89 € e recolle as débedas a largo prazo.

3.c.- Pasivo corrente: recolle as débedas a curto prazo (722.499,77 €) e os acreedores e outras contas a pagar a curto prazo (6.096.292,08 €) sendo que o saldo a 31.12.2024 ascende a 6.818.791,85€

## **B) CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL**

A conta de resultado económico-patrimonial recolle o resultado económico patrimonial obtido no exercicio e está formada polos ingresos e os gastos do mesmo, excepto cando proceda a súa imputación directa ao patrimonio neto dacordo co previsto nas normas de recoñecemento e valoración.

Obsérvanse dúas columnas tanto no activo como no pasivo do balance de situación a 31.12.2024 correspondentes aos exercicios 2024 e 2023. A contabilidade de ambos exercicios foi efectuada de conformidade coa Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de contabilidade local (ICAL)

Cabe precisar o seguinte con respecto aos **ingresos de xestión ordinaria (22.103.875,89 €)**:

- Os ingresos tributarios e urbanísticos ascenden a 9.441.971,16 € sendo que 6.978.563,21€ se corresponden cos impostos (724 (IBI), 725 (IVTM), 726 (IIVTNU), 727 (IAE), 733 (ICIO) e 2.463.407,95 € con taxas. Non hai ingresos por contribucións especiais (744) nin ingresos urbanísticos (745, 746).

- As transferencias e subvencións recibidas ascenden a 11.726.670,74 € de xeito que 9.623.558,02€ se tratan de transferencias e subvencións recibidas para financiar gastos do exercicio, 1.642.982,04 € para imputación de subvencións para activos correntes e 460.132,68 € para Imputación de subvencións para o inmovilizado non financeiro.

- O importe correspondente ás vendas e prestación de servizos é de 248.346,09 € e se corresponde co recadado en concepto do SAF e de actividades deportivas.

- O importe de Outros ingresos de xestión ordinaria ascende a 686.887,90 € e está integrada, fundamentalmente, polos dereitos recoñecidos netos referidos ao PADRÓN AGUA, DEPURACIÓN Y ALCANTARILLADO.

En canto aos **gastos de xestión ordinaria (17.034.798,82€)**:

- A contía correspondente ás contas 640, 641, 642 e 644 no exercicio 2024 ascende a 5.905.947,11 € (correspóndese coas obrigas recoñecidas netas a 31.12.2024 do capítulo 1 dos estado de gastos) sendo que 4.915.488,79 € refírense a sueldos, salarios e asimilados e 990.458,32 € a cargas sociais.

- As transferencias e subvencións concedidas ascenden a 831.399,48 €

- Se observa que o importe da conta 62 (Servizos exteriores: Servizos de natureza diversa adquiridos pola entidade, non incluídos no subgrupo 60, «Compras» ou que non formen parte do prezo de adquisición do inmovilizado ou dos investimentos financeiros ) ascende a 8.517.866,83 €.

- O importe da conta 63 (Tributos) ascende a 7.721,39 €.

-O importe da conta 68 (Amortización del inmovilizado) ascende a 1.771.864,01 €. Os criterios para o cálculo das amortizacións constan na base trixésimo cuarta das de execución do orzamento do exercicio 2024 do Concello de Cambre.

Resulta que os ingresos de xestión ordinaria son superiores en 5.069.077,07 € aos gastos de xestión ordinaria.

O resultado neto do exercicio, unha vez aplicado o resultado das operacións financieras (789.704,54€) é dun aforro de 5.858.781,61€.

### **C) O ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO**

O estado de cambios en el patrimonio neto está dividido en tres partes: estado total de cambios en el patrimonio neto, estado de ingresos e gastos recoñecidos e estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias

Estado total de cambios no patrimonio neto: se informará de tódolos cambios no patrimonio neto distinguindo entre: patrimonio neto a 31.12.2023 (42.062.435,93 €), patrimonio neto inicial axustado do exercicio 2024 (42.062.435,93 €), variaciónes do patrimonio neto exercicio 2024 (6.979.618,38 €) e patrimonio neto ao final do exercicio 2024 (58.014.830,36 €).

### **D) O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO**

O estado de fluxos de efectivo informa sobre a orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta sufrida polas mesmas no exercicio.

Obsérvanse dúas columnas tanto no activo como no pasivo do balance de situación a 31.12 correspondentes aos exercicios 2024 e 2023. A contabilidade de ambos exercicios foi efectuada de conformidade coa Orde

HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de contabilidade local (ICAL)

O estado amosa un efectivo e activos líquidos equivalentes a inicio de exercicio de 22.530.180,34 € sendo que a final de exercicio a citada cuantía ascende a 29.108.455,80 €

### **E) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:**

O Estado da liquidación do orzamento comprende, coa debida separación, a liquidación do orzamento de ingresos e a do orzamento de gastos da entidade, así como o resultado orzamentario.

A liquidación do orzamento de gastos e do orzamento de ingresos se presentan co nivel de desagregación do Orzamento aprobado e das súas modificacións posteriores. A liquidación do orzamento de gastos se presentará, ademais, agrupando os créditos en función dos niveis de vinculación xurídica, é dicir, resumida por bolsas de vinculación xurídica dos créditos.

**E1)** Ao nivel de capítulo, os estados da **liquidación do presuposto de ingresos exercicio corrente** do Concello de Cambre para o exercicio económico de **2024**, amosa o seguinte detalle:

INGRESOS	PREV. INICIAIS	MODIFIC.	PREV. DEFINITIV.	DR. NETOS	RECADAC. NETA
1.- Impostos directos	6.905.000,00	0,00	6.905.000,00	6.832.522,46	6.832.522,46
2.- Impostos indirectos	398.000,00	0,00	398.000,00	146.040,75	146.040,75
3.- Taxas e outros ingresos	3.897.293,78	0,00	3.897.293,78	3.546.991,66	2.714.933,75
4.- Transf. Correntes	8.688.100,64	1.467.159,14	10.155.259,78	10.474.002,62	10.397.568,92
5.- Ing. Patrimoniais	313.777,14	0,00	313.777,14	697.478,55	697.478,55
6.- Enaxenación de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	1.224,93	1.224,93
7.- Transf. Capital	844.656,40	1.580.831,43	2.425.487,83	1.576.593,06	1.576.593,06
8.- Activos financeiros	33.610,00	6.908.564,91	6.942.174,91	11.339,07	11.339,07
9.- Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>21.080.437,96</b>	<b>9.956.555,48</b>	<b>31.036.993,44</b>	<b>23.286.193,10</b>	<b>22.377.701,49</b>

Polo que se refire ao nivel de realización do orzamento de ingresos pódese representar no seguinte cadro:

CAPÍTULO	% DR s/PD*	% Rec. s/DR**
1	98,95	100
2	36,69	100
3	91,01	76,54
4	>100	99,27

CAPÍTULO	% DR s/PD*	% Rec. s/DR**
5	>100	100
6	0	0
7	65,00	100
8	0,16	100
9	0	0
<b>Total Orzamento</b>	<b>75,03%</b>	<b>96,10%</b>

\*Porcentaxe de dereitos recoñecidos sobre previsións definitivas

\*\* Porcentaxe de recadación sobre dereitos recoñecidos.

Pode observarse que o grado de realización dos dereitos respecto das previsións é do 75,03%. A explicación fundamental reside na reducida execución dos capítulos 2 e 7 de ingresos e no financiamento de modificacións de crédito con incorporación de remanente de tesourería para gastos xerais (capítulo 8 de ingresos).

No que respecta ao grado de realización da recadación con respecto aos dereitos recoñecidos éste ascendeu ao 96,10% o que indica que a práctica totalidade dos dereitos recoñecidos foron recadados efectivamente.

Para poder efectuar unha comparativa coa execución do orzamento de ingresos do exercicio anterior, transcribense neste punto o histórico da liquidación do exercicio 2023, e referido aos dereitos recoñecidos netos e recadación neta por capítulos:

Capítulos	2023		2024	
	DR Netos	DR Netos	DR Netos	Recad. Neta
1.- Impostos directos	6.684.804,59	6.684.804,59	6.832.522,46	6.832.522,46
2.- Impostos indirectos	141.792,27	141.792,27	146.040,75	146.040,75
3.- Taxas e outros ing.	2.867.450,88	2.867.450,88	3.546.991,66	2.714.933,75
4.- Transf. Correntes	9.072.703,14	9.072.703,14	10.474.002,62	10.397.568,92
5.- Ing. Patrimoniais	93.578,51	93.578,51	697.478,55	697.478,55
6.- Enajenación de investimentos reais	0,00	0,00	1.224,93	1.224,93
7.- Transf. Capital	1.962.283,04	1.962.283,04	1.576.593,06	1.576.593,06
8.- Activos financeir.	17.940,61	17.940,61	11.339,07	11.339,07
9.- Pasivos financeir.	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>20.840.553,04</b>	<b>20.840.553,04</b>	<b>23.286.193,10</b>	<b>22.377.701,49</b>

Da comparativa do cadro anterior despréndese que tanto os dereitos recoñecidos netos como a recadación neta son similares en ambos exercicios

**E2)** Ao nivel de capítulo, os estados da **liquidación do presuposto de gastos exercicio corrente** do Concello de Cambre para o exercicio económico de **2024** presenta o seguinte detalle:

Gastos	Cdtos. Iniciais	Modific.	Cdtos. Definit.	O.R.N	Pagos líquidos
1.- G. persoal	7.887.566,93	441.167,28	8.328.734,21	5.995.809,93	5.905.997,11
2.- G. bens ctes	9.370.949,35	3.488.643,55	12.589.592,90	6.888.808,62	6.815.731,49

3.- G. financeir	125.000,00	3.000,00	128.000,00	13.457,25	13.457,25
4.- Transf. correntes	1.556.164,00	975.270,73	2.531.434,73	781.502,55	781.502,55
6.- Invers. Reais	2.090.147,68	4.957.087,24	7.047.234,92	1.164.050,98	1.164.050,98
7.- Transf. capital	17.000,00	22.524,10	39.524,10	0,00	0,00
8.- Activ. financ.	33.610,00	0,00	33.610,00	13.226,00	13.226,00
9.- Pasiv. Financ.	0,00	68.862,58	68.862,58	68.862,58	68.862,58
<b>Total</b>	<b>21.080.437,96</b>	<b>9.956.555,48</b>	<b>30.766.993,44</b>	<b>14.925.717,91</b>	<b>14.762.827,96</b>

Polo que se refire ao nivel de realización do orzamento de gastos pódese representar no seguinte cadro:

CAPÍTULO	% OR s/CD*	% Ps/OR**
1	71,99	98,50
2	54,72	98,93
3	10,51	100,00
4	30,87	100,00
6	16,52	100,00
7	0,00	N/A
8	39,35	100,00
9	100,00	100,00
<b>Total Orzamento</b>	<b>48,51%</b>	<b>98,91%</b>

\*Porcentaxe de obrigas recoñecidos sobre créditos definitivos

\*\*Porcentaxe de pagamentos sobre obrigas recoñecidas.

Pode observarse que o grado de realización das obrigas respecto dos créditos iniciais acada o 48,51 %, e que o grado de pagos realizados con respecto ás obrigas recoñecidas é do 98,91% o que significa que a práctica totalidade das obrigas recoñecidas no exercicio 2024 foron pagadas.

Para poder efectuar unha comparativa coa execución do orzamento de gastos do exercicio anterior, transcribíense neste punto o histórico da liquidación do exercicio 2023, e referido ás obrigas recoñecidas netas e aos pagos realizados, por capítulos:

Capítulos	2023		2024	
	OR Netos	Pagamentos	OR Netos	Pagamentos
1.- Gastos persoal	6.723.750,88	6.723.750,88	5.995.809,93	5.905.997,11
2.- Gastos bens ctes	4.561.261,78	4.490.955,00	6.888.808,62	6.815.731,49

3.- Gastos financeirosiros	1.353,37	1.208,89	13.457,25	13.457,25
4.- Transf. Correntes	703.875,06	587.392,48	781.502,55	781.502,55
6.- Invers. reais	1.705.735,69	1.705.735,69	1.164.050,98	1.164.050,98
7.- Transf. capital	712,00	712,00	0,00	0,00
8.- Activos financeir.	12.811,42	12.811,42	13.226,00	13.226,00
9.- Pasivos financeir.	48.425,50	48.425,50	68.862,58	68.862,58
<b>TOTAL</b>	<b>13.757.925,70</b>	<b>13.558.885,49</b>	<b>14.925.717,91</b>	<b>14.762.827,96</b>

Da comparativa dos cadros anteriores despréndese que as obrigas recoñecidas no exercicio 2024 aumentaron con respecto ás do 2023 en 1.167.792,21 € e os pagos realizados o fixeron en 1.203.942,47 €.

A continuación, se procede a unha análise pormenorizada do capítulo 1 debido a problemática que suscita a produtividade e as gratificacións

**Capítulo 1 “Gastos de persoal”:** as ORN e os pagamentos realizados do capítulo 1 son inferiores no exercicio 2024 con respecto ás do exercicio 2023 en 816.886,95 e 817.753,77 € respectivamente, sendo que este decremento corresponde, fundamentalmente, á menor execución dos artigos 12 *Personal Funcionario*, 15 *Incentivos al rendimiento* e 16 *Cuotas, prestaciones y gastos sociales a cargo del empleador*:

Artigo	2023		2024	
	OR Netos	Pagamentos	OR Netos	Pagamentos
10 Órganos de gobierno y personal directivo	253.307,85	253.307,85	271.470,19	271.470,19
11 Personal eventual	106.219,75	106.219,75	102.447,91	102.447,91
12 Personal Funcionario	4.017.633,74	4.017.633,74	3.730.896,02	3.730.029,20
13 Personal Laboral	548.587,69	548.587,69	566.858,93	566.858,93
14 Otro personal	2.121,23	2.121,23	0,00	0,00
15 Incentivos al rendimiento	451.270,20	451.270,20	244.682,56	244.682,56
16 Cuotas, prestaciones y gastos sociales a cargo del empleador	1.344.610,42	1.344.610,42	990.508,32	990.508,32
<b>TOTAL</b>	<b>6.723.750,88</b>	<b>6.723.750,88</b>	<b>5.906.863,93</b>	<b>5.905.997,11</b>

Tendo en conta os límites que o artigo 7.2 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local establece en relación á cuantía global do complemento específico (subconcepto 121.01), ao complemento de produtividade (subconcepto 150.00) e ao complemento de gratificacións (subconcepto 151.00), procede analizar se no exercicio 2024 tales límites foron respectados. A tal efecto, transcribo a continuación a execución dos correspondentes subconceptos no exercicio 2024:

*Subconcepto 121.01 (complemento específico):*

Fun.	Eco.	Créditos Iniciales	Créditos Totales consignados	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados
130	12101	5.003,43	5.003,43	5.177,62	5.177,62
132	12101	408.779,03	385.629,03	207.059,94	207.059,94
135	12101	52.185,16	52.185,16	39.388,71	39.388,71
151	12101	111.301,71	111.301,71	104.167,21	104.167,21
1532	12101	143.224,58	143.224,58	128.071,74	128.071,74
231	12101	89.949,24	99.601,54	81.493,43	81.493,43
241	12101	52.204,03	52.204,03	53.513,92	53.513,92
320	12101	24.363,63	24.363,63	25.414,72	25.414,72
330	12101	49.824,99	34.824,99	35.580,96	35.580,96
3321	12101	52.872,23	35.872,23	39.494,60	39.494,60
337	12101	12.131,91	12.131,91	14.967,06	14.967,06
341	12101	19.260,40	19.260,40	18.264,85	18.264,85
342	12101	65.923,79	65.923,79	84.000,28	84.000,28
920	12101	232.758,16	204.441,98	184.288,08	184.288,08
924	12101	0,00	0,00	0,00	0,00
931	12101	102.828,07	96.798,06	81.012,59	81.012,59
<b>TOTAL</b>		<b>1.422.610,36</b>	<b>1.342.766,47</b>	<b>1.101.895,71</b>	<b>1.101.895,71</b>

O complemento específico respecta o límite regulado no artigo 7.2.a) do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

*Subconcepto 150.00 (complemento de produtividade)*

Fun.	Eco.	Créditos Iniciales	Créditos Totales consignados	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados
920	15000	300.000,00	300.000,00	229.989,08	230.442,73
<b>TOTAL</b>		<b>300.000,00</b>	<b>300.000,00</b>	<b>229.989,08</b>	<b>230.442,73</b>

O complemento de produtividade respecta o límite regulado no artigo 7.2.b) do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

O complemento de produtividade incluído nas propostas mensuais de nóminas ao amparo do art. 9.a) do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre (BOP núm. 103 de 08.07.2020, BOP núm. 167 de 02.09.2022) foi informado desfavorablemente por esta intervención por entender que o nomeamento dun/a traballador/a para o desempeño de tarefas de posto superior é un acto administrativo e como tal, o artigo 34 da Lei 39/2015 do 1 de novembro de de o Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, require que sexa ditado polo órgano competente axustándose ao procedemento establecido e que o seu contido axústese ao disposto polo ordenamento xurídico e sexa determinado e adecuado aos seus fins. Así, revisada a documentación que obra nos expedientes de nómina mensual conséntase que os nomeamentos foron realizados ben por providencia dos concelleiros delegados ben por informes que o visto e prace do alcalde ou concelleiro delegado responsable e non por resolución de alcaldía e/o concelleiro/a delegado/a que sería o procedente. Ao mesmo tempo, non consta tramitación previa de procedemento administrativo algún a efectos de xustificar que o citado nomeamento respecta a normativa aplicable, a súa necesidade, as funcións concretas a desempeñar, a existencia de crédito idóneo e suficiente e, entre outros, a efectiva realización das funcións

encomendadas. Cabe lembrar que para o exercicio continuado das citadas funcións “es necesaria la resolución formal de adscripción a dicho puesto (...). Si por la simple circunstancia de ejercer de hecho las funciones de un puesto se consiguiera el derecho a la percepción de las retribuciones complementarias del mismo se introduciría un procedimiento anómalo e irregular de provisión” (Sentenza do Tribunal Supremo en fecha 27 de junio de 2017).

En canto ao complemento de produtividade trimestral a que se refire o art. 4 do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre (BOP núm. 103 de 08.07.2020, BOP núm. 167 de 02.09.2022) foi obxecto de fiscalización desfavorable por esta intervención xa que nos respectivos expedientes de nóminas non consta unha análise da situación de cada departamento na que se diferencien o que constitúen tarefas propias do día a día no funcionamento do mesmo daquelas que, sendo carácter puntual ou excepcional ao longo do exercicio, efectivamente requiren para a súa consecución unha especial implicación e unha actividade que vai máis aló do normalmente esixible, en cantidade e calidade. Isto provoca que non exista unha asignación equilibrada de obxectivos entre departamentos.

Os informes desfavorables emitidos concluíron un reparo, aínda que de carácter non suspensivo, porque o Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre non detalla o procedemento específico a seguir para aplicar a produtividade regulada en mesmo e porque que o importe acumulado do complemento de produtividade non excede o límite previsto no artigo 7.2.b do RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Con todo, advírtese que cando se asigna un complemento de produtividade sen respectar a verdadeira natureza do mesmo prodúcese o que a xurisprudencia denomina a “desnaturalización” a cal, a xuízo da STSX Galicia del 2 de xullo de 2014 rec.175/2014, implica unha “desviación de poder ao utilizar a potestade de pago do complemento de produtividade para unha finalidade distinta”. Son supostos de desnaturalización do complemento de produtividade os seguintes:

- Asignación polo mero feito do desempeño común dun concreto posto de traballo, sen que exista ese rendemento “especial”; así a TSJ Madrid Sala do contencioso-administrativo, sec. 7ª, S 10-1-2002, rec. 1265/1998 refírese a leste suposto.
- A motivación do acto que asigna a produtividade estea baseada nunha maior responsabilidade, posto que iso comportaría unha vulneración da normativa reguladora do complemento de produtividade, ao converter unha retribución de carácter subxectivo nun complemento vinculado ao posto de traballo.
- A inexistencia da valoración do “rendemento especial”; “nin no expediente administrativo nin na documentación achegada polo Concello aparece o menor rastro da existencia de tal actividade administrativa previa á cuantificación do complemento de produtividade. (STSJ Comunidade Valenciana Sala do contencioso-administrativo, nº 1312/1999, rec. 3135/1996)

Subconcepto 151.00 (complemento de gratificacións)

Fun.	Eco.	Créditos Iniciales	Créditos Totales consignados	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados
920	15100	140.000,00	140.000,00	14.693,48	14.693,48
<b>TOTAL</b>		<b>140.000,00</b>	<b>140.000,00</b>	<b>14.693,48</b>	<b>14.693,48</b>

A partir da toma de posesión da interventora titular, como se fai referencia no informe da conta xeral de 2022 e 2023 o complemento de gratificacións foi obxecto de reparo suspensivo, ademais de polo incumprimento do artigo 7.2.c) do Real Decreto 861/1986 do 25 de, polos seguintes motivos:

- Non consta autorización previa na que se definan os traballos para realizar con indicación das tarefas concretas en que consisten tales servizos, o seu carácter extraordinario ou excepcional, a imposibilidade de que sexan realizados na xornada ordinaria de traballo, o tempo estimado para a súa realización nin o importe previsto a efectos de reter contablemente o crédito que corresponda. A inexistencia de autorización previa vicia, de orixe, calquera xustificación posterior.
- Incumprimento do artigo 6.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local xa que non consta que o Pleno do Concello de Cambre aprobase criterios de distribución da contía global das gratificacións consignadas no orzamento xeral.

**E3)** De acordo co anteriormente exposto resulta o seguinte **resultado orzamentario 2024**:

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a. Operaciones corrientes	21.697.036,04	13.589.765,53	
b) Operaciones de capital	1.577.817,99	1.164.050,98	
1.Total operaciones no financieras (a+b)	23.274.854,03	14.753.816,51	
c) Activos financieros	11.339,07	11.226,00	
d) Pasivos financieros		68.862,52	
2. Total operaciones financieras (c+d)	11.339,07	82.088,58	
<b>I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO (I=1+2)</b>			<b>8.450.288,01</b>
<b>AJUSTES AL RESULTADO PRESUPUESTARIO</b>			
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales	231.083,80		
4. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio	1.177.109,82		
5. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio	2.311.304,54		
II. TOTAL AJUSTES (II=3+4-5)	-903.110,92		
<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO (I+II)</b>		<b>7.547.177,09</b>	

O Resultado orzamentario representa, en termos netos, a comparación dos ingresos e gastos habidos no exercicio (non importan nin os cobros nin os pagos). Non obstante o dito resultado vese influenciado polas desviacións de

financiación nos gastos con financiación afectada e por gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería que o desvirtúan polo que é necesario proceder ao seu axuste .

O documento número 7 de Principios Contables Públicos, pola súa parte, o define como *“la diferencia entre la totalidad de ingresos presupuestarios realizados durante el ejercicio, excluídos los derivados de la emisión y creación de pasivos financieros, y la totalidad de los gastos presupuestarios del mismo ejercicio, excluídos los derivados de la amortización y reembolso de pasivos financiero*

O resultado orzamentario presenta as seguintes notas características:

a) Refírese exclusivamente a operacións presupostarías.

b) Refírese exclusivamente ao exercicio presupostario 2024.

c) Compara o Estado de Gastos e o Estado de Ingresos do presuposto do exercicio corrente en termos de execución, é dicir, de dereitos e obrigas recoñecidas. Trátase dunha magnitude fluxo que compara os dereitos e obrigas recoñecidas durante o exercicio presupostario.

d) Pretende presentar a medida en que os dereitos recoñecidos durante o exercicio foron suficientes para financiar as obrigas do mesmo período e determinar así se se contribuíu a mellorar ou empeorar a situación presupostaria durante o exercicio.

e) O resultado presupostario do exercicio axústase no importe seguinte:

e1) das desviacións de financiación do exercicio negativas. Trátase dun déficit de recursos afectados xa que pon de manifesto que as obrigas recoñecidas son superiores aos ingresos afectados polos que se financian. O axuste a realizar é positivo polo seu importe (2.311.304,54€)

e 2) das desviacións de financiación do exercicio positivas. Se trata dun exceso de recursos afectados contabilizados no ano pero que, financeiramente, amparan obrigas non recoñecidas no citado exercicio senón outras que se devengarán con cargo aos orzamentos posteriores. O axuste a realizar é negativo polo seu importe (1.177.109,82€)

e 3) polo importe das obrigas recoñecidas no exercicio 2024 que foran financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2023. (231.083,80€)

## **F) MEMORIA**

A memoria completa, amplia e comenta a información contenida nos outros documentos que integran as contas anuais.

O modelo de memoria que consta na Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de contabilidade local (ICAL) recolle a información mínima a cumprimentar, non obstante, naqueles casos nos que a información que se solicita non sexa significativa non se cumprimentarán as notas correspondentes da mesma.

Cuestións a resaltar:

- O apartado 2 se corresponde cos xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración. Se informará sobre os servizos públicos xestionados de forma indirecta indicando, para cada forma de xestión, o seu

obxecto, o prazo, as subvencións comprometidas durante a vida do contrato, os bens de dominio público afectos á xestión, as aportacións non dinerarias, os anticipos reintegrables e os préstamos apticipativos, subordinados ou de outra natureza concedidos polo titular do servizo xestor e os bens obxecto de reversión, así como o obxecto, o prazo e as transferencias ou subvencións comprometidas durante a vida do convenio.

**De conformidade co detalle que consta no citado apartado obsérvase que a práctica totalidade dos servizos obrigatorios que se prestan no Concello de Cambre carecen de contrato en vigor.**

Esta situación na que as empresas están a facturar por servizos e subministracións sen que medie expediente de contratación algún e que xa foi advertida por escrito de xeito reiterado por anteriores interventores, pola actual secretaria xeral e pola interventora titular, supón a vulneración dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, de publicidade e transparencia dos procedementos, de non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores así como da eficiente utilización dos fondos destinados á contratación. En consecuencia, estamos en presenza dunha actuación administrativa que comporta unha xestión de fondos públicos en clara contravención das normas e dos principios da contratación administrativa.

O Concello de Cambre, a pesar de ser coñecedor da obrigatoriedade de proceder ás oportunas licitacións, obviou tales esixencias o que, se cabe, alcanza unha maior gravidade dado que os incumprimentos afectan á práctica totalidade dos servizos municipais obrigatorios regulados no artigo 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local (LBRL). Asemade, non se debe olvidar que o Tribunal de Justicia de la Unión Europea considera a contratación verbal como a infracción máis grave do dereito comunitario (Sentencia de 11 de enero de 2005 (Stad Halle):

*"(..../....)36 Sobre la base de estas consideraciones, no puede adoptarse el planteamiento de la Stadt Halle según el cual la Directiva 89/665 no exige tutela judicial cuando no existe un procedimiento formal de contratación pública y la decisión de la entidad adjudicadora de no incoar dicho procedimiento no es recurrible, como tampoco lo es, por otro lado, la decisión por la que se determina si un contrato público está o no comprendido dentro del ámbito de aplicación de las normas comunitarias pertinentes.*

*37 En efecto, el citado planteamiento tendría como resultado convertir la aplicación de las normas comunitarias pertinentes en facultativa, según la voluntad de cada entidad adjudicadora, cuando, por el contrario, dicha aplicación es obligatoria si se cumplen los requisitos previstos en estas normas. Una facultad de este tipo podría provocar la infracción más grave del Derecho comunitario en materia de contratos públicos por parte de una entidad adjudicadora. Disminuiría sensiblemente la tutela judicial eficaz y rápida que desea la Directiva 89/665 y perjudicaría a los objetivos perseguidos por la Directiva 92/50, a saber, la libre circulación de los servicios y que en esta materia exista una competencia abierta y no falseada en todos los Estados miembros. (.../....)"*

- O apartado 6 se refire ao Patrimonio Público do Solo (PMS), o cal, regúlase no Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

**O apartado 6 da Memoria non amosa operacións o que indica que o Concello de Cambre está a incumprir a obriga legal de ter constituído o Patrimonio Municipal do Solo.**

- O apartado 10 : se refire aos activos financeiros. Como activos financeiros a longo prazo, figuran as accións da sociedade EDAR BENS, S.A. por importe de 4.200,00 euros, e no curto prazo figuran os préstamos ao persoal pendentes de devolución (12.742,06 euros) e unha provisión de fondos realizada a un xulgado (1.969,03 euros).

EXPEDEDIENTE TEDEC NÚMERO 2026/G006/000040

- O apartado 11 se refire aos pasivos financeiros e nel se informará a cerca da situación e movementos das deudas, das líneas de crédito, riscos do tipo de cambio e xuro e avais. O importe pendente de amortizar a 31.12.2024 é de 1.922.457,35 € sendo o detalle o seguinte:

Préstamo:	Descrición	Capital Pendente
2008 / 1 / 840402	PRÉSTAMO PARA INVERSIONES 2008 (BBVA)	0
2015 / 1 / PAI 15	PRÉSTAMO PAI 2015	229.822,73 €
2016 / 1 / PAI 16	PRÉSTAMO PAI 2016 PARA OBRAS	230.159,04 €
2016 / 1 / PAI AM	PRÉSTAMO PAI 2016 PARA AMORTIZACIÓN DE DEUDA	92.189,27 €
2017 / 1 / POS+17	PRÉSTAMO POS+17 REDUCCIÓN DE DEUDA CON ENTIDADES FINANCIERAS	96.893,44 €
2017 / 1 / POS17I	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017 FINANCIACIÓN DE INVERSIONES	260.000,00 €
2018 / 1 / P+18AM	PRÉSTAMO POS+2018 PARA AMORTIZACIÓN DE DEUDA	354.856,85 €
2018 / 1 / P+18IN	PRÉSTAMO POS+ 2018 PARA INVERSIONES	26.620,00 €
2019 / 1 / P+19IN	PRÉSTAMO POS+ 2019 PARA INVERSIONES	234.840,34 €
2019 / 1 / POS+RD	PRÉSTAMO POS+ 2019 REDUCCIÓN DEUDA CON ENTIDADES FINANCIERAS	25.169,77 €
2020 / 1 / P+20IN	PRÉSTAMOS PARA INVERSIÓN POS + 2020	120.718,96 €
2020 / 1 / PIE 20	LIQUIDACIÓN TRIBUTOS DEL ESTADO 2020	- €
2020 / 1 / POS+RD	PRÉSTAMO POS+ 2020 REDUCCIÓN DEUDA CON ENTIDADES FINANCIERAS	138.867,02 €
2021 / 1 / POS+RD	PRÉSTAMO POS+ 2021 REDUCCIÓN DE DEUDA	93.228,00 €
2022 / 1 / POS+RD	PRÉSTAMO POS+ 2022 PARA REDUCCIÓN DE DEUDA	19.091,93 €
<b>TOTAL</b>		<b>1.922.457,35 €</b>

- O apartado 24 é o máis extenso da memoria e se subdivide, a su vez, en apartados.

O subapartado 24.1.1.a) se refire ás modificacións de crédito efectuadas no exercicio. Durante o exercicio 2023 tramitáronse expedientes de modificacións de crédito por un importe total de 10.429.401,04 € cuxo desglose é o que segue:

Créditos Extraordinarios	Suplementos de Crédito	Ampliaciones de Crédito	Transferencias de crédito +	Transferencias de crédito -	Remanentes Incorporados	Créditos Generados por Ingr.	Bajas por Anulación
619.833,70	1.746.350,54	0	913.724,63	913.724,63	6.184.672,38	1.878.544,42	0,00

O subapartado 24.1.1.b) informa a cerca dos remanentes de créditos, constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas (art. 175 TRLRFL e art. 98 R.O). Os remanentes de crédito totais ascenden a 16.950.767,56 € cuxo desglose é o que segue:

REMANENTES COMPROMETIDOS			REMANENTES NO COMPROMETIDOS		
INCORPORABLES	NO INCORPORABL	TOTAL	INCORPORABLES	NO INCORPORABL	TOTAL
1.610.576,03	1.084.932,68	2.695.508,71	6.960.337,65	7.294.921,20	14.255.258,85

O subapartado 24.1.2.a.1) informa sobre dereitos anulados (547.120,41€) procedentes, fundamentalmente, das devolucións da participación de tributos do estado (514.814,97€).

O subapartado 24.1.2.a.2) informa sobre dereitos cancelados. Non se mostran operacións para o Concello de Cambre

O subapartado 24.1.2.a.3) informa sobre o detalle da recadación neta cuxo importe total ascende a 20.699.188,25 €

O subapartado 24.1.2.b) informa as devolucións de ingresos sendo que o importe pendente de pago a 31.12.2023 ascende a 153,61 € (o mesmo importe que a 31.12.2022).

O subapartado 24.1.2.c) informa sobre os compromisos de ingresos sendo que os compromisos realizados a 31.12.2023 ascenden a 4.443.184,43 € e os compromisos pendentes de realizar a 31.12.2023 a 5.016.505,53€.

O subapartado 24.2.1) informa sobre as obrigas de orzamentos pechados sendo que o importe pendente de pago a 31.12.2023 é de 592,44€:

PTE PAGO 01/01/2023	MOD. SALDO INI E ANULACIÓNS	TOTAL OBRIGAS	OBRIGAS PRESCRITAS	PAGOS REALIZADOS	PTE PAGO 31/12/2023
300.771,01	0,00	300.771,01	0,00	300.178,57	592,44

O subapartado 24.2.2) informa sobre os dereitos de orzamentos pechados

PTE COBRO 01/01/2023	RECTIFICAC. SALDO INIC.	DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	RECAUDACIÓN	PTE COBRO 31/12/2023
1.474.144,68	0,00	88,33	0,00	1.071.349,00	402.707,35

O subapartado 24.2.3) informa sobre a variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores resultando unha anulación de unha liquidación dunha taxa por servizo de emerxencias por importe de 88,33 €.

O subapartado 24.3.1) informa sobre os compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores. Non constan operacións no Concello de Cambre.

O subapartado 24.3.2) informa sobre os compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores. Non constan operacións no Concello de Cambre.

O subapartado 24.4) informa sobre a execución dos proxectos de gasto detallando o resume da execución e das anualidades pendentes.

O subapartado 24.5) informa sobre os gastos con financiamento afectado.

O subapartado 24.6) informa sobre o remanente de tesourería. Os citados preceptos dispoñen que o remanente de tesourería da entidade local estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio.

O remanente de tesourería total ou inicial a 31 de decembro aparece regulado, fundamentalmente nos artigos 191 e 192 do TRLFL nos artigos 101 a 105 do Real decreto 500/1990

O remanente de tesourería da entidade local está integrado polos dereitos pendentes de cobro que se consideren efectivamente realizables, as obrigas pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos ao 31 de decembro do exercicio, coas correccións e axustes referidos nas normas de aplicación.

Logo de ver as normas indicadas poden efectuarse os comentarios que seguen sobre o concepto do “Remanente de Tesourería”:

1 O Remanente de Tesourería é unha magnitude financeira global que debe incluír a totalidade dos dereitos pendentes de cobro realizables, a totalidade das obrigas pendentes de pago recoñecidas e liquidadas e a totalidade dos fondos líquidos dos que sexa titular a entidade local a 31 de decembro, sexan, uns e outros, consecuencia de operacións presupostarias ou non presupostarias, realizadas con cargo ao orzamento do exercicio corrente ou con cargo ao presuposto dos exercicios cerrados, con independencia do ano de procedencia.

2 Ilustra a situación económico-financiera a 31 de decembro que resulta de comparar nese momento todos os recursos e dereitos efectivamente dispoñibles (fondos líquidos e deudores reais) con todas as obrigas esixibles (pendentes de pago). Trata de valorar se nesa data de 31 de decembro, se pode atender as obrigas pendentes de pago coas dispoñibilidades reais ou, por dicilo doutra forma, de comprobar se o que ten a entidade local en efectivo máis o que realmente “lle deben” é suficiente para atender todo o que debe aos seus acreedores.

Debe indicarse que esta comparación de dereitos dispoñibles e obrigas esixibles non entra a valorar o prazo e as condicións de efectibilidade duns e outros.

3 É unha magnitude “de fondo”, ao contrario que o resultado presupostario do exercicio, xa que avalía o excedente ou déficit de financiamento da entidade local con referencia a unha data determinada, o 31 de decembro de cada ano. Establécese, así, o remanente de Tesourería total ou inicial a 31 de decembro xenerado ao longo da historia da entidade local, que se resume e concreta nesa data.

As magnitudes a ter en conta no seu cálculo son as seguintes:

Subapartado 24.6.1) Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio

Están constituídos polos saldos que presenten as seguintes contas do subgrupo 57 “tesourería” a 31.12.2023 Na data da liquidación dos orzamentos municipais, á contía dos fondos 22.530.180,34€.

Subapartado 24.6.2) Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio.

Tales dereitos pendentes de cobro comprenden:

A.- Dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio pendentes de cobro.

Están recollidos no saldo debedor da conta 430 “Debedores por dereitos recoñecidos, presuposto corrente”, e a través das súas divisionarias, que distinguen en función da súa forma de exacción.

Do exame dos estados da liquidación do presuposto de ingresos, e ao nivel de capítulo, se deduce que os dereitos orzamentarios liquidados no exercicio e pendentes de cobro a 31 de decembro de 2023 ascenden ás contías seguintes:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. COBRO 31/12/2023
1	Impostos directos	0,00
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	141.364,79
4	Transferencias correntes	0,00
5	Ingresos patrimoniais	0,00
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>141.364,79</b>

**B.- Dereitos orzamentarios liquidados en exercicios anteriores pendentes de cobro**

Están recollidos no saldo debedor da conta 431 “Debedores por dereitos recoñecidos, orzamentos pechados”, entendida esta como agregación dos saldos correspondentes das súas divisionarias. O saldo de dereitos contraídos na agrupación contable de orzamentos pechados ascende a 31.12.2023 a: 402.707,35€

**C.- Saldo de contas de debedores non orzamentarios.**

Corresponde ao importe dos dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que, de acordo coa normativa vixente, non son orzamentarios e tampouco o serán no momento do seu vencemento.

Os saldos das contas de debedores non orzamentarios referidos á data da liquidación do orzamento municipal para o exercicio económico de 2023 totalizan 143.632,85€.

**D.- Ingresos pendentes de aplicación definitiva.**

Se ó finalizar o exercicio existisen cantidades cobradas pendentes de aplicar, as citadas cantidades deben minorar o importe dos dereitos pendentes de cobros, calculándose dita contía como polo importe do saldo das contas 554 “Cobros pendentes de aplicación” e 559 “Outras partidas pendentes de aplicación”.

Non obstante, cando entre os cobros pendentes de aplicación se encontren cantidades que correspondan a recursos por conta doutros entes e estas se podan determinar, non se deducirá por estas contías o importe dos dereitos pendentes de cobro senón que se incrementará o de obrigas pendentes de pago.

Da liquidación dos orzamentos municipais se deduce que o saldo final dos cobros realizados pendentes de aplicación definitiva ascende á contía de 105.992,28 €.

Subapartado 24.6.3) Obrigas pendentes de pago a fin de exercicio

De acordo co establecido no artigo 101 R.O. as obrigas pendentes de pago comprenden:

A.- Obrigas pendentes de pago correspondentes ó presuposto de gastos do exercicio corrente:

O seu importe obténse do saldo da conta 400 “Acredores por obrigas recoñecidas. Orzamento de gastos corrente”. Do exame da liquidación dos orzamentos de gastos e a nivel de capítulo dedúcese que as obrigas recoñecidas e liquidadas no exercicio e pendentes de pago a 31 de decembro de 2023 ascenden ás seguintes contías:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PTE. PAGO 31/12/23
1	Gastos de persoal	0,00
2	Compra de bens correntes e servizos	70.306,78
3	Gastos financeiros	144,48
4	Transferencias correntes	116.482,58
6	Investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	12.106,37
	TOTAL	199.040,21

B.- Obrigas pendentes de pago correspondentes a orzamentos de gastos de exercicios anteriores:

Están recollidos no saldo acreedor da conta 401 “Debedores por dereitos recoñecidos, orzamentos pechados”, entendida esta como agregación dos saldos correspondentes das súas divisionarias. O saldo de obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados ascende a 31.12.2023 a: 132.688,55€

C.- Saldo das contas de acredores non orzamentarios:

Os saldos das contas de acredores non orzamentarios referidos á data da liquidación do orzamento municipal para o exercicio económico de 2023 ascenden a 592,44€.

D.- Pagos pendentes de aplicación definitiva.

Se ao finalizar o exercicio existisen pagos pendentes de aplicación definitiva ou pagamentos realizados con cargo aos anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación, as obrigas pendentes de pago deben minorarse polo importe de aqueles. Os ditos importes veñen dados, respectivamente, polo saldo da conta 555 “Pagos pendentes de aplicación” e o da conta 558.1 “Provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación”.

Revisada a contabilidade de exercicios anteriores conséntase que o elevado saldo lévase “arrastrando” dende, como mínimo, o 01.01.2015 data de cambio do programa contable Ágora ao programa contable Sicalwin

Por conseguinte, tendo en conta o anterior o REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL pode resumirse no seguinte cadro:

<b>1. Fondos líquidos</b>		<b>22.530.180,34</b>
<b>2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c)</b>		<b>687.704,99</b>
2.a. Do orzamento corrente	141.364,79	
2.b De orzamentos pechado	402.707,35	
2.c De operacións non orzamentarias	143.632,85	
<b>3.Obrigas pendentes de pago (3.a+3.b+3.c)</b>		<b>1.925.781,51</b>
3.a. Do orzamento corrente	199.040,21	
3.b. De orzamentos pechados	592,44	
3.c. De operacións non orzamentarias	1.726.148,86	
<b>4. Partidas pendentes de aplicación (4.b – 4.a)</b>		<b>862.149,37</b>
4.a Cobros realizados pendentes aplicación definitiva	105.992,28	
4.b. Pagos pendentes de aplicación definitiva	968.141,65	
<b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL</b>		<b>22.154.253,19</b>

O REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS determinarase minorando o remanente de tesourería total no importe dos dereitos pendentes de cobro que, a fin de exercicio, se consideren de imposible ou difícil recadación (1.-) e no exceso de financiamento afectado producido (2.-).

1.- Dereitos de difícil ou imposible recadación

Os artigos 191.2 TRLFL e o 103 do R.O. regulan o tratamento dos dereitos de imposible ou difícil recadación.

No exercicio económico que se liquida, o saldo da dita conta é 288.496,64 €, o cal resulta da aplicación do artigo 193.bis do RDL 2/2004, de 5 de marzo según redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade de Administración Local aos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados sinalados no apartado 3.5.2.B.

2.- Exceso de financiamento afectado producido no exercicio

O apartado 2 do artigo 172 da LRFL establece que a cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados.

En relación con isto, o artigo 102 do R.O. dispón que nos supostos de gastos con financiamento afectado nos que os dereitos afectados recoñecidos superen ás obrigas por aqueles afectados, o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais da entidade deberá minorarse no exceso de financiamento producido.

E, a tenor do apartado 2 deste mesmo precepto, o citado exceso poderá financiar a incorporación dos remanentes de crédito correspondentes aos gastos con financiamento afectado aos que fan referencia e, de ser o caso, as obrigas devedidas a causa da renuncia ou imposibilidade de realizar total ou parcialmente o gasto proxectado.

Dos estados da liquidación dos orzamentos para o exercicio 2023, no que se refire ós gastos con financiamento afectado, e que resultan do seguemento individualizado levado a través do programa contable, dedúcense as seguintes desviacións de financiamento acumuladas, positivas e por conceptos: 2.173.575,03€

Do anterior resulta o seguinte:

I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	22.154.253,19
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	288.496,64
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	2.173.575,03
<b>REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS XERAIS</b>	<b>19.692.181,52</b>

O remanente de tesourería para gastos xerais do Concello de Cambre derivado da liquidación do exercicio 2023 é positivo por importe de 19.692.181,52€.

O subapartado 24.7) se denomina *acreedores por operacións devengadas* e informa sobre os acreedores por operacións devengadas ao 31 de decembro non recollidas noutros apartados da memoria, detallada en función da conta representativa da natureza das operacións:

413. Acreedores por operacións devengadas.

4130. Acreedores por operacións aplicables a presupuesto en períodos posteriores.

4131. Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento.

O **movemento da conta 413 no exercicio 2024** foi o que segue:

Importe pendente de aplicar ao orzamento a 01.01.2024	Importe pendente de aplicar ao orzamento a 31.12.2024
4.550.643,53	5.526.764,63

Obsérvase que o saldo a 31.12.2024 supera en 976.121,10 € ao saldo a 01.01.2024 motivado, fundamentalmente, pola existencia de facturas que tiveron entrada no exercicio 2024 pero que quedaron sin imputar ao citado orzamento.

**Segunda.- Tramitación da Conta Xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2024:**

O artigo 212.2 do TRLFL establece que a conta xeral formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da corporación.

A este respecto se debe precisar, que de conformidade có artigo 212.4 da lei 5/1997, de administración local de Galicia: *“Las cuentas y la documentación complementaria estarán a disposición de los miembros de la Comisión para examen y consulta como mínimo quince días antes de la reunión.”*

A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Cuentas se exporán al público por prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados éstos pola Comisión Especial e practicadas pola mesma canda comprobacións estime necesarias, emitirá un novo informe.

Acompañada do/s informe/s da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral se someterá ao Pleno da Corporación. Cabe precisar que, de conformidade co apartado 4 da regra antes citada, a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xenera responsabilidade por razón das mesma.

Unha vez que o Pleno se haxa pronunciado sobre a Conta Xeral 2024, aprobándoa ou rexeitándoa, o presidente da corporación renderaa ao Tribunal de Contas.

### **Terceira.- Rendición de contas**

A regra 50 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de contabilidade local (ICAL) determina que serán cuentandantes os titulares das entidades e **órganos suxeitos á obriga de rendir contas** e en todo caso:

- A) O Presidente da entidade local.
- B) Os presidentes ou Directores dos organismos autónomos
- C) Os presidentes do Consello de Administración das sociedades mercantís dependentes da entidade local.
- D) Os liquidadores das sociedades mercantís dependentes da entidade local en proceso de liquidación.

Os citados cuentandantes son responsables da información contable e lles corresponde rendir, antes do 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan e debidamente autorizadas, as contas que deban enviarse ao órgano ou órganos de control externo.

A responsabilidade de subministrar información veraz en que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade na que incurran quen es adoptaron as resolucións ou realizasen actos reflectidos en ditas contas.

Así a regra 51 da citada orde dispón que en cumprimento da súa obriga de rendir contas, os contandantes deberán remitir as súas contas anuais, acompañadas da documentación á que se refire a regra 45.3, á Intervención u órgano da entidade local que teña atribuída a función da contabilidade antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte.

Unha vez aprobada a Conta Xeral polo Pleno da Corporación, se rendirá polo Presidente da entidade local ao órgano ou órganos de control externo competentes nos prazos previstos na normativa vixente.

### **4.- CONCLUSIÓN**

**PRIMEIRA.-** De acordo coa Regra 45.1 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, as contas anuais do Concello de Cambre están integradas polos seguintes estados:

- O balance.
- A conta de resultado económico-patrimonial.
- O estado de cambios no patrimonio neto
- O estado de fluxos de efectivo
- O estado de liquidación do orzamento.
- A memoria.

Os citados estados foron elaborados seguindo as normas e axustándose aos modelos que se establecen na Orde antes mencionada.

Asemade, en cumprimento da regra 45.3 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se se une a seguinte documentación:

- Actas de arqueo das existencias en caixa a final do exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesma a favor da entidade local referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

### **SEGUNDA.- ESPECIAL REFERENCIA Á EXECUCIÓN DO ESTADO DE INGRESOS NO EJERCICIO 2024**

Os dereitos recoñecidos netos (DRN) no exercicio 2024 ascenden a un importe total de 23.286.193,10 € e representan unicamente o 75,027% das previsións definitivas de ingresos (31.036.993,44 €) sendo que a explicación fundamental reside na practicamente nula execución dos capítulos 7 e 8:

INGRESOS	PREV. INICIAIS	MODIFIC.	PREV. DEFINITIV.	DR. NETOS	RECADAC. NETA
7.- Transf. Capital	844.656,40	1.580.831,43	2.425.487,83	1.576.593,06	1.576.593,06
8.- Activos financeiros	33.610,00	6.908.564,91	6.942.174,91	11.339,07	11.339,07

### **TERCEIRA.- ESPECIAL REFERENCIA Á EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS NO EJERCICIO 2023**

As obrigas recoñecidas netas no exercicio 2024 ascenden a un importe total 14.835.905,09€ e representan unicamente o 47,80% dos créditos definitivos de gastos (31.036.993,44€) destacando o seguinte:

- As obrigas recoñecidas netas do capítulo 1 de gastos (5.905.997,11€) representan o 39,80% do total de obrigas recoñecidas netas.
- As obrigas recoñecidas netas do capítulo 2 de gastos (6.888.808,62€) representan o 46,43% do total de obrigas recoñecidas netas

En canto ao o grado de realización de pagos realizados con respecto ás obrigas recoñecidas é do 98,55% o que significa que a práctica totalidade das obrigas recoñecidas no exercicio 2023 foron pagadas.

En canto ao grado de realización de pagos realizados por importe de 14.762.827,96 € con respecto ás obrigas recoñecidas por importe de 14.835.905,09 € é do 99,50% que é a práctica totalidade das ORN do ano 2024 foron pagadas.

**Advirto por escrito** do seguinte:

#### **1. Capítulo 1: Gastos de persoal.**

O complemento de produtividade no exercicio 2023 respectou o límite regulado no artigo 7.2.b) do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

O complemento de produtividade incluído nas propostas mensuais de nóminas ao amparo do art. 9.a) do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre (BOP núm. 103 de 08.07.2020, BOP núm. 167 de 02.09.2022) foi informado desfavorablemente por esta intervención por entender que o nomeamento dun/a traballador/a para o desempeño de tarefas de posto superior é un acto administrativo e como tal, o artigo 34 da Lei 39/2015 do 1 de novembro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, require que sexa ditado polo órgano competente axustándose ao procedemento establecido e que o seu contido se adapte ao disposto polo ordenamento xurídico e sexa determinado e axeitado aos seus fins

En canto ao complemento de produtividade trimestral a que se refire o art. 4 do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre (BOP núm. 103 de 08.07.2020, BOP núm. 167 de 02.09.2022) foi obxecto de fiscalización desfavorable por esta intervención xa que nos respectivos expedientes de nóminas non consta unha análise da situación de cada departamento na que se diferencien o que constitúen tarefas propias do día a día no funcionamento do mesmo daquelas que, sendo carácter puntual ou excepcional ao longo do exercicio, efectivamente requiren para a súa consecución unha especial implicación e unha actividade que vai máis aló do normalmente esixible, en cantidade e calidade. Isto provoca que non exista unha asignación equilibrada de obxectivos entre departamentos.

Advirto que cando se asigna un complemento de produtividade sen respectar a verdadeira natureza do mesmo prodúcese o que a xurisprudencia denomina a “desnaturalización” a cal, a xuízo da STSX Galicia del 2 de xullo de 2014 rec.175/2014, implica unha “desviación de poder ao utilizar a potestade de pago do complemento de produtividade para unha finalidade distinta”.

## **2. Capítulo 2: Gastos correntes**

A práctica totalidade dos servizos obrigatorios que se prestan no Concello de Cambre carecen de contrato en vigor.

Conforme dispón o artigo 28 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, corresponde á intervención municipal apreciar a posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento xurídico. No momento da elaboración desta conta xeral, se pon de manifesto que xa se están a realizar as revisións de oficio correspondentes.

Cómpre sinalar que, en relación á necesidade de revisión de oficio previo ao recoñecemento de obrigas nos supostos de inexistencia de procedemento de contratación, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do Contencioso administrativo, na sentenza, de 19 de xullo de 2022 establece a necesidade de proceder a tal revisión de oficio para declarar a nulidade de pleno dereito como requisito previo ao recoñecemento da obriga, sinalando ,entre outras cousas, que:

*“(…/…) En consecuencia, ante supostos coma o presente, de ausencia total de actividade administrativa contractual, debemos diferenciar dúas fases, unha primeira de declaración de nulidade de todo o actuado, e unha segunda de recoñecemento de obrigas da administración para evitar o seu enriquecemento inxusto, se hai lugar a elas. Dicimos isto dadas as circunstancias concorrentes no presente litixio, que foron declaradas como feitos probados no FX 3º (parágrafos 1 a 4) e que non foron impugnados na apelación, onde queda meridianamente claro que non houbo o máis mínimo rastro de contratación administrativa, coa omisión groseira e grave das máis elementais normas de dereito administrativo. Neste escenario, non discutida polas partes a inexistencia absoluta de procedemento de contratación en ningún dos supostos (nin sequera nos de descontaminación e no de iluminación) é evidente que concorre unha nulidade de pleno dereito prevista no art. 32 do TRLCSP (análoga á actual do art. 39 LCSP no que agora interesa) e no art. 47.1.e. LPACAP.*

**EXPEDEDIENTE TEDEC NÚMERO 2026/G006/000040**

*Ante unha nulidade de pleno dereito, a propia administración tiña como mecanismo de reacción autónomo a revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Neste sentido, se ben o TRLCSP refire só os actos de preparación e adxudicación, isto faise para establecer determinadas especialidades, sen que impida acudir con carácter xeral ao art. 106.1. LPACAP.*

*É por isto que cando en sede administrativa son consultados os órganos de asesoramento técnico do concello, Secretaría e Intervención, incidan nesta opción, que é á que se agarra o apelante. Só unha vez que se declara a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, por inexistencia absoluta de procedemento de contratación, é cando hai que reparar as consecuencias que afecten negativamente a terceiros de boa fe, e cuxo contexto normativo pode ser o REC. Pero iso debe corresponder a unha fase ulterior do camiño administrativo .Esta actuación para emendar o mal feito en casos de ausencia de procedemento de contratación, como presuposto do aboamento das obras ou servizos é o que late na recente STS nº 722/2022, de 13 de xuño( ROJ: STS 2426/2022 -ECLI:ES:TS:2022:2426 ) en cuxo FX 3º dá conta da previa revisión de oficio ante ausencia absoluta de procedemento, a partir da cal se fixa unha indemnización polas obras efectivamente realizadas, excluíndose determinadas cantidades coma determinados tipos de xuro ao non se tratar dunha situación contractual.*

*No caso de autos, o Concello obviou non só o procedemento administrativo de contratación deforma groseira, senón o relativo á declaración de nulidade por el mesmo de oficio, que é achave para a apertura do procedemento para o recoñecemento extraxudicial de créditos conorixe precisamente nunha actuación sen título ou con título nulo que non obstante é fonte de obrigas para a administración ao terse recibidos bens ou servizos en proveito da administración, sempre que se acrediten determinadas circunstancias*

*Por esta razón debemos chegar á conclusión de que o Concello obviou un trámite previo que é preciso para activar o REC, polo que en ambos expedientes acumulados debe declararse a nulidade de pleno dereito de todo o actuado, abrangendo loxicamente todos os pagos feitos.*

*Estamos ante un caso en que a administración local fuxe cara adiante, cunha nova ilegalidade consistente en recoñecer un crédito sen seguir un procedemento con todas as garantías de forma e de fondo, para tratar de tapar a ilegalidade anterior de encargo de servizos e obras á marxe da contratación administrativa.*

*Non pode haber recoñecemento de crédito a favor dun particular se non hai causa que o xustifique. E a causa neste caso non pode ser outra que a inexistencia de contratación administrativa válida, e tal feito tiña que ser declarado pola propia administración pola vía da revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito. Esta declaración era necesaria porque daba a medida de cal tiña que ser o ámbito precisamente do recoñecemento extraxudicial de crédito, que por outra parte tiña que facerse, nese momento si, como indica o xuíz de instancia no FX 5º, é dicir, no contexto xurisprudencial que impón a doutrina do enriquecemento inxusto en canto ao fondo, e coa tramitación dun expediente administrativo con todas as garantías en canto á forma. O xuíz anula os recoñecementos de crédito por ausencia todos estes elementos, e aí leva razón, só que previamente era necesario que o Concello declarase a nulidade de pleno dereito do actuado para, como se dixo, establecer o ámbito sobre o que se podía proxectar o REC. (.../....)*

*Convalidar o mal feito esixe previamente recoñecer o que se fixo mal, e en termos xurídicos iso acádase mediante a revisión de oficio, que faltou nos dous expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, e por iso deben ser declarados nulos de pleno dereito, non xa por incorrecta articulación do REC como indica o xuíz de instancia senón por adoeecer incluso do paso previo, que é a declaración de nulidade de pleno dereito do previamente actuado por contravir groseiramente a normativa sobre contratación administrativa.(.../....)".*

O Consello Consultivo de Galicia en relación á necesidade de revisión de oficio , en informe 78/2023 (emitido a solicitude dese Concello) sinala, entre outras cousas, o seguinte:

*"(.../....) Procede deixar sentado, ante todo, que a revisión de oficio non constitúe un remedio para dar cobertura formal a una contratación nula aos efectos de realizar pagos que traen causa desa contratación ilícita, pois a súa xenuina finalidade é facilitar a depuración dos vicios de nulidade absoluta de que adoecen os actos administrativos, para evitar que o transcurso dos breves prazos de impugnación ordinaria derive a súa consolidación definitiva.*

*Dito iso, a segunda cuestión entronca co dito no apartado anterior.*

*Así, se a realización por empresas ou particulares dunhas obras, prestacións de servizos ou subministracións de bens tiñesen a súa orixe nun contrato ou actuación administrativa formalizada con carencia ou insuficiencia de crédito orzamentario, prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou, en xeral, incorrendo en calquera outra causa de nulidade de pleno deretio, debe ese acto ser sometido ao procedemento de revisión de oficio. A consecuencia lóxica da declaración de nulidade do acto contractual ilícito sería o abono ao contratista do “valor” da súa prestación, conforme ao previsto no art. 42.1 da LCSP, con indemnización á parte non culpable dos danos e perdas que sufrira, pero ese deber non sería tal, como antes seindicou, cando a Administración aprecie que son de aplicación os límites do artigo 110 da LPAC ou cando, atendendo ao informe do órgano interventor, emitido en función dos parámetros que se indican no artigo 28 do Real decreto 4243/2017, do 28 de abril, non se considere procedente o inicio do procedemento de revisión de oficio.*

*Nestes últimos casos cabería acudir, para conformar un título habilitante para acometer o pago dos traballos executados, ao recoñecemento extrajudicial de crédito, configurando como fonte de obrigación de pago, o principio xeral que proscribe o enriquecemento inxusto, sen quea decisión de non seguir o procedemento de revisión de oficio, tras a ponderación das circunstancias previstas nos preceptos legal e regulamentario citados, estea sometida a un ditame favorable do Consello Consultivo.(.../.../...)*

### **3. Capítulo 4: Transferencias correntes.**

**Advirto por escrito** que na tramitación de subvencións, tanto en réxime de concurrencia competitiva como en réxime de nominatividade, estase a vulnerar o principio de anualidade orzamentaria regulado no artigo 176 do TRLFL xa que da execución orzamentaria do capítulo 4 de gastos se deduce que se imputaron ao orzamento do exercicio 2024 subvencións correspondentes a exercicios anteriores.

**CUARTA.- O RESULTADO ORZAMENTARIO.** O resultado orzamentario derivado da liquidación do exercicio 2024 é positivo por importe de **8.450.288,01 €** o que significa que os dereitos recoñecidos netos foron superiores ás obrigas recoñecidas netas na citada cuantía. Asemade, unha vez realizados os axustes en concepto de desviacións imputables ao exercicio e de obrigas financiadas con remanente de tesourería o **resultado orzamentario axustado** é tamén **positivo** por importe de **7.547.177,09 €**.

**QUINTA.- O REMANENTE DE TESOURERIA.** O remanente de tesourería para gastos xerais derivado da liquidación do exercicio 2023 é positivo por importe de **19.692.181,52 €**, motivado, fundamentalmente polos elevados fondos líquidos a 31.12.2023. Mentres que o remanente de tesourería para gastos con financiación afectada é de **2.173.575,03 €**

**SEXTA.-** O saldo da conta 413 “Acredores por operación devengadas” a 31.12.2024 ascendeu a **5.526.764,63 €** o que significa que **superou** en 976.121,10 € ao saldo que presentaba dita conta a 01.01.2024, que era de **a 4.550.643,53 €**.

O motivo do incremento explícase, fundamentalmente, pola existencia de facturas que tiveron entrada no exercicio 2024 pero que quedaron sin aplicar ao citado orzamento dado que, ao derivar de actos administrativos nulos de pleno dereito (contratos verbales), **previamente á imputación orzamentaria dos mesmos, é preceptiva a tramitación dun procedemento de revisión de oficio.** A necesaria e previa revisión de oficio ven amparada polo Fundamento Xurídico Primeiro da STSJ Galicia 5671/2022 (Nº de Recurso: 7016/2022, Nº de Resolución: 290/2022) de 19.07.2022 xa que, ao abeiro do artigo 6.2 da LBRL “Los Tribunales ejercen el control de legalidad de los acuerdos y actos de las entidades locales”.

Esta **situación** na que as empresas están a facturar por servizos e subministracións sen que medie expediente de contratación algún e que xa foi **advertida por escrito, ademais de pola interventora accidental que subscribe,**

por anteriores interventores e pola actual secretaria xeral, supón a vulneración dos principios de liberdade de acceso ás licitacións, de publicidade e transparencia dos procedementos, de non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores así como da eficiente utilización dos fondos destinados á contratación. En consecuencia, trátase dunha **actuación administrativa que comporta unha xestión de fondos públicos en clara contravención das normas e dos principios da contratación administrativa.**

O Concello de Cambre, a pesar de ser coñecedor da obrigatoriedade de proceder ás oportunas licitacións, obviou tales esixencias o que, se cabe, alcanza unha maior gravidade dado que os incumprimentos afectan a servizos municipais obrigatorios (art. 26 LBRL). Este xeito de actuar ao marxe da normativa aplicable é o causante da situación actual cós provedores de servizos e subministros así como do incumprimento do Período Medio de Pago do Concello de Cambre o cal, lexos de actuar procedendo a regularizar a situación, mantén a prestación de servizos en precario coa irregularidade manifesta que tal feito provoca.

Tal e como se pon de manifesto no apartado 28 da memoria, no exercicio 2024 e ata a data actual aprobáronse, con informes desfavorables da interventora que subscribe, 3 expedientes de recoñecemento de obrigacións de exercicios anteriores por importe de 3.593.168,81 euros, dos cales 3.389.119,60 euros corresponden a obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento ao 31 de decembro de 2023 (conta 413). **Isto demostra que a tesis de “bloqueo administrativo” mantida polo equipo de goberno dende o mes de setembro de 2023 carece de sustento legal por canto os informes emitidos no exercicio das funcións reservadas non son vinculantes e as competencias de xestión, ao abeiro da LBRL, corresponden á alcaldía:**

- O artigo 21.1.a da LBRL atribúe á alcaldía “*Dirigir el gobierno y la administración municipal*” e o artigo 21.1.f) do mesmo texto legal asígnalle o “*desarrollo de la gestión económica de acuerdo con el Presupuesto aprobado, disponer gastos dentro de los límites de su competencia*”.
- De conformidade có artigo 80.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro “*Salvo disposición expresa en contrario, los informes serán facultativos y no vinculantes*”.
- Asemade o artigo 15.1 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local dispón que:

*“Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no prevalecerán sobre las de los órganos de gestión. Los informes emitidos por ambos se tendrán en cuenta en el conocimiento de las discrepancias que se planteen, las cuales serán resueltas definitivamente por el Presidente de la Entidad Local o por el Pleno, de acuerdo con lo previsto en el artículo 217 y en el apartado 2 del artículo 218 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales y en los apartados siguientes de este artículo”*

**SÉTIMA.**- O apartado 6 da Memoria non amosa operacións o que indica que o Concello de Cambre está a **incumprir** a obriga legal de ter constituído o Patrimonio Municipal do Solo (*artigo 132 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do chan de Galicia do PMS*). Ademais de configurarse como un deber legal, a importancia de ter constituído o Patrimonio Municipal do Solo radica na finalidade que teñen os bens que o integran por canto deben ser destinados a algún dos seguintes **finés**:

- a) Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.

- b) Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística, en especial ao pago en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, ou a gastos de realoxamento e retorno e pago de indemnizacións ou prezos xustos por actuacións urbanísticas.
- c) Conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído.
- d) Creación de chan para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sostible.
- e) Conservación, xestión e ampliación do propio patrimonio público do chan.
- f) Agueloutras finalidades previstas na lexislación vixente.

**OITAVA.- É preceptivo:**

**OITAVA.1.-** Planificar a actividade de contratación pública anual dando prioridade absoluta á licitación dos contratos que actualmente están en precario e que afectan á práctica totalidade dos servizos municipais obrigatorios. A regularización da contratación permitirá diminuír o Período Medio de Pago. Os pregos, memorias e demais documentos que constitúen o punto de partida para iniciar un expediente de contratación deben definir adecuadamente o obxecto do contrato, xustificar os cálculos efectuados para determinar o prezo así como que as prescricións técnicas proporcionán aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e que os criterios de adxudicación están vinculados ao obxecto do contrato, son formulados de maneira obxectiva e garanten a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

**OITAVA.2.-** a orzamentación dos ingresos en base a un criterio de realidade e prudencia.

**OITAVA.3.-** o seguimento das seguintes premisas no gasto público: control, contención, limitación, austeridade e planificación.

**OITAVA.4.-** que o Concello de Cambre remate de inmediato con todo gasto para o que non exista crédito axeitado e suficiente, así como con todo gasto que non se axuste plenamente ao procedemento de xestión.

Este informe de intervención emítese coas cautelas pertinentes debido á recente toma de posesión da interventora accidental que o suscribe.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino electrónicamente o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

A interventora accidental

SONIA MACHÍN HERRANZ